

## ¿Que son os áridos?

Defínese como árido todo o material granular, de procedencia xeralmente natural ou artificial, que pode ser empregado como tal ou ben como constituínte da trama armazón de aglomerado, e de utilización axeitada para diversos ámbitos da industria da construción, fundamentalmente en edificacións, estradas e ferrocarrís.

Os áridos, en base ás súas características, poden recibir diferentes usos, sendo materiais básicos e imprescindibles na construción das edificacións, obra civil e infraestrutura de calquera país. É, polo tanto, un indicador moi preciso do seu desenvolvemento socioeconómico.

Debido ás características xeolóxicas e litolóxicas do subsolo de Galicia, a natureza e calidades dos áridos son moi variables, o que implica a aplicación de técnicas de explotación e procesos de transformación diversos, co fin de satisfacer as exixencias do mercado, cada vez máis rixidas en canto á homoxeneidade e calidade do produto final a poñer en obra.

De forma xeral, pode establecerse unha clasificación dos áridos en :

- **ÁRIDOS NATURAIS:** Aqueles que se empregan despois de sufrir unicamente unha modificación na súa distribución de tamaño, para adaptarse ás exixencias da fabricación dun formigón e outras prescricións do uso de obra.
- **ÁRIDOS DE TRITURACIÓN:** Obtéñense mediante a conminución de diferentes rocas canteirables ou do rexeitamento dos áridos naturais.
- **ÁRIDOS LIXEIROS:** Productos naturais ou artificiais que se empregan para a obtención de pezas ou elementos de obra de baixo peso e/ou illantes.
- **ÁRIDOS ARTIFICIAIS:** Subproductos de procesos industriais ou mineiros, materiais de derribo, etc, empregables e reciclables.
- **MATERIAIS DE PRÉSTAMO:** Aqueles que poden empregarse sen modificacións das súas características naturais, ou ben con pequenas modificacións (adición de produtos estabilizantes ou tratamentos mecánicos). Acostuman empregarse na construción de terrapléns e pedraplens.
- **MATERIAIS DE ESCOLLEIRA:** Bloques, naturais ou artificiais de formas e características variables en función das condicións de obra, coa misión de protexer un dique fronte á acción erosiva das augas mariñas ou canalizadas; en todo caso, debe asegurarse que son estables fronte ás condicións químicas das augas, fronte ós ciclos de seca/humidade e en calquera outra situación propia do seu emprazamento.

Ademais dos usos que normalmente se dan ós áridos, hai que falar tamén de outros usos industriais ós que poden adicarse. En realizada trátase de usos complementarios, a partir do mesmo material, pero que se emprega nestas aplicacións cando cumpre unhas especificacións adicionais. Legalmente deben considerarse como minerais industriais máis que como áridos, aínda que a diferenciación a veces non é demasiado clara.

No caso de Galicia, a variabilidade litolóxica do subsolo, determina tanto a natureza dos áridos producidos como a distribución das diferentes explotacións e usos dos mesmos. As litoloxías explotadas para a produción de áridos en Galicia poden agruparse da seguinte forma:

- Granitos
- Diabasas
- Garbos
- Anfibolitas
- Ortogneises
- Esquistos
- Cuarzitas e cuarzo filoniano
- Areniscas
- Calizas

En canto á tipoloxía dos áridos producidos, diferéncianse dous grandes grupos (ÁRIDOS NATURAIS e os ÁRIDOS DE MACHAQUEO), segundo se empreguen procedementos mecánicos de fragmentación no seu procesado.

Segundo as granulometrías producidas, diferéncianse os seguintes grupos de áridos:

- Zahorras
- Gravas
- Areas
- Macadam

Os principais usos ós que se destinan os áridos son os seguintes:

- Áridos para estradas
- Formigóns e morteiros
- Balasto
- Escolleira
- Materiais de préstamo